# REUNIÓN DA COMISIÓN 2ª, ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E SERVIZOS

Día: 29.03.2019 Hora: 10:30

A Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 29 de marzo de 2019, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

**Punto 1. Pregunta**

1.1 43044 (10/POC-006788)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis
Sobre a aplicación do Regulamento (EU) 995/2010 no relativo ás obrigas dos axentes comercializadores de madeira para evitar o comercio de madeira de orixe ilegal, as garantías exixidas para demostrar a súa legalidade e a solicitude de medidas cautelares ao Goberno do Estado fronte ás empresas incumpridoras
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 414, do 18.01.2019*

**Punto 2. Elaboración do ditame, á vista do Informe da Ponencia, sobre o Proxecto de lei de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia (10/PL-000012, doc. núm. 44223)**
*Publicación do informe de Ponencia, BOPG núm. 448, do 25.03.2019*

**Punto 3. Proposicións non de lei**

3.1 40910 (10/PNC-003320)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Fernández Prado, Martín e 9 máis
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Ministerio de Fomento en relación co remate dos treitos Lavacolla-Arzúa, Arzúa-Melide e Melide-Palas de Rei da autovía A-54, Lugo-Santiago de Compostela
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 394, do 05.12.2018*

3.2 42995 (10/PNC-003463)
Grupo Parlamentario de En Marea
Sánchez García, Antón e 2 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa modificación da Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia para os efectos de regular a delimitación de vivenda baleira e o establecemento do dereito de tanteo e retracto
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 414, do 18.01.2019*

3.3 45111 (10/PNC-003635)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre o estudo pola Xunta de Galicia, xunto co Ministerio de Fomento, das alternativas para a conexión entre a AP-9, o aeroporto de Alvedro e a estrada AC-14
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 430, do 13.02.2019*

3.4 47081 (10/PNC-003795)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Villoslada, Juan Manuel e 2 máis
Sobre a adopción polo Goberno galego das medidas técnicas, económicas e de planificación viaria necesarias para garantir a conexión prioritaria da Vía Ártabra coa autovía A-6 co fin de darlle efectivo servizo á área metropolitana da Coruña
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 441, do 06.03.2019*

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 26 de marzo de 2019

Jaime Castiñeira Broz

Presidente da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE

# COMISIÓN 2ª, ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E SERVIZOS

POR ORDE ALFABÉTICA

**Mesa**

Presidente

| | |
|---|---|
| Jaime Castiñeira Broz | P |

Vicepresidenta

| | |
|---|---|
| Marta Nóvoa Iglesias | P |

Secretario

| | |
|---|---|
| Antón Sánchez García | EM |

**Vogais**

| | |
|---|---|
| Luis Manuel Álvarez Martínez | S |
| Xosé Luís Bará Torres | BNG |
| Marcos Cal Ogando | EM |
| Martín Fernández Prado | P |
| Jacobo Moreira Ferro | P |
| María Luisa Pierres López | S |
| María Julia Rodríguez Barreira | P |
| Gonzalo Trenor López | P |
| Daniel Luís Varela Suanzes-Carpegna | P |

**Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**

**Día: 29.03.2019 Hora: 10:30**

**Orde do día**

1. Pregunta

**Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**

**Día: 29.03.2019 Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.1 43044(10/POC-006788)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre a aplicación do Regulamento (EU) 995/2010 no relativo ás obrigas dos axentes comercializadores de madeira para evitar o comercio de madeira de orixe ilegal, as garantías exixidas para demostrar a súa legalidade e a solicitude de medidas cautelares ao Goberno do Estado fronte ás empresas incumpridoras

*Publicación da iniciativa, 414, 18.01.2019*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2019 13:47:16
Nº Rexistro: 43044
Data envio: 10/01/2019 13:47:16.315

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSG PSOE

**Á Mesa do Parlamento**

**Patricia Vilán Lorenzo, Raúl Fernández Fernández, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López,** deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.**

O Regulamento (EU) 995/2010, do Parlamento e do Consello da UE (Regulamento EUTR), establece as obrigas dos axentes e das empresas que comercializan madeira e os seus produtos de dispoñer dun procedemento interno que analice e minimice os riscos de comerciar con madeira de orixe ilegal, Regulamento que pertence ao ordenamento estatal dende o ano 2015. As dúas normas significan que as empresas están obrigadas polo chamado "sistema de Dilixencia Debida", que consiste na obriga dos axentes e das empresas de realizar un exercicio de xestión do risco que permita reducir ao mínimo o perigo de comercialización na UE de madeira aproveitada ilegalmente. Ocorre que o Goberno galego se inhibe das súas obrigas para cumprir toda a lexislación (europea, estatal e galega) e non está a evitar a entrada de madeira ilegal no país.

Así, a organización ecoloxista "Greenpeace" ten solicitado á Xunta de Galicia que investigue a posible entrada a través de portos galegos de madeira de teca de Myanmar (antiga Birmania) procedente de actividades forestais ilegais, que se está a empregar nas cubertas de cruceiros de luxo construídos no porto de Vigo. Existe un amplo consenso dentro das distintas administracións, das federacións da industria, das entidades de supervisión de EUTR, das ONG e dos expertos sobre o alto risco de ilegalidade da madeira procedente de Myanmar: a propia Asociación Española de Industria e Comercio da Madeira aconsellou aos seus asociados non importar madeira procedente deste país, Nacións Unidas para o Medio Ambiente elaborou informes que corroboraron as recomendacións do sector importador desta materia prima e tamén o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación desaconsella as importacións de teca deste país.

O Goberno galego descoñece absolutamente o que significa o "sistema de Dilixencia Debida" e as obrigas que ten na aplicación do Regulamento EUTR. Basta con visionar as respostas a este grupo parlamentario por parte do director Xeral de Política Forestal para se dar de conta. E iso que a Lei de montes de Galicia recolle no seu artigo 104 que a Xunta de Galicia adoitará as medidas oportunas para evitar a comercialización da madeira e produtos derivados procedentes de talas ilegais nos bosques naturais de terceiros países.

CSV: REXISTRO-kHGWvCH6b-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2019 13:47:16
Nº Rexistro: 43044
Data envio: 10/01/2019 13:47:16.315

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. A afirmación do director xeral de Política Forestal da Consellería de Medio Rural de que o Regulamento EUTR é unha normativa complexa e que vai supoñer moito traballo significa que esa suposta complexidade é unha escusa para a demora ou laxitude na súa aplicación?
2. Ten dúbidas o Goberno galego sobre a aplicación do Regulamento (EU) 995/2010, do Parlamento e do Consello da UE (Regulamento EUTR)?
3. É suficiente garantía para o Goberno sobre a orixe legal da madeira que as empresas envíen os documentos que acompañan aos lotes de madeira, tal e como dixo o director xeral de Política Forestal da Consellería de Medio Rural?
4. Vai solicitar o Goberno galego ao Goberno do Estado que emita medidas cautelares ás empresas que non cumpriran plenamente co "sistema de Dilixencia Debida"?

Pazo do Parlamento, 10 de xaneiro de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Raúl Fernández Fernández
Luís Manuel Álvarez Martínez
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 10/01/2019 13:27:27**

**Raúl Fernández Fernández na data 10/01/2019 13:27:33**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 10/01/2019 13:27:38**

CSV: REXISTRO-lHGWvCH6b-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2019 13:47:16
**Nº Rexistro: 43044**
Data envio: 10/01/2019 13:47:16.315

**María Luisa Pierres López na data 10/01/2019 13:27:43**

CSV: REXISTRO-lHGWvCH6b-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

**Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**

**Día: 29.03.2019 Hora: 10:30**

**Orde do día**

2. Elaboración do ditame á vista do Informe da Ponencia sobre o Proxecto de lei de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia (10/PL-000012, doc. núm. 44223) Publicación do informe de Ponencia, BOPG núm. 448, do 25.03.2019

**Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**

**Día: 29.03.2019 Hora: 10:30**

**Orde do día**

3. Proposicións non de lei

**Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**

**Día: 29.03.2019 Hora: 10:30**

**Orde do día**

3.1 40910(10/PNC-003320)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Prado, Martín e 9 máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Ministerio de Fomento en relación co remate dos treitos Lavacolla-Arzúa, Arzúa-Melide e Melide-Palas de Rei da autovía A-54, Lugo-Santiago de Compostela

*Publicación da iniciativa, 394, 05.12.2018*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2018 16:30:00
Nº Rexistro: 40910
Data envio: 27/11/2018 14:20:11.986

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

**Á MESA DO PARLAMENTO**

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas **Martín Fernández Prado, María Antón Vilasánchez, Encarnación Amigo Díaz, Jaime Castiñeira Broz, Diego Calvo Pouso, Jacobo Moreira Ferro, Marta Novoa Iglesias, Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trenor López e Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Comisión 2ª Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios.**

**Exposición de motivos:**

No mes de marzo de 2018 iniciábanse as obras do último treito da A-54, a autovía entre Lugo e Santiago de Compostela. Estamos a falar, concretamente, dos traballos no treito entre Melide e Arzúa, case 17 quilómetros.

Previamente, en xullo do ano 2017, comezaban as obras do treito entre Palas de Rei e Melide, de 11,5 quilómetros de lonxitude. Polo que a día de hoxe son tres os treitos que están en obras e que restan para culminar a execución desta autovía, porque a estes dous tramos hai que engadir os 18,5 quilómetros entre Lavacolla e Arzúa, en execución desde 2009.

Estamos a falar dunha infraestrutura, libre de peaxe, que permitirá percorrer a distancia entre a capital galega e Lugo en menos dunha hora, en torno á metade do tempo que hai que empregar na actualidade pola estrada N-547.
Polo que, unha vez completada, a nova autovía erixirase nun grande eixe vertebrador do interior de Galicia, unindo Lugo coa Galicia máis atlántica, e posibilitando que os cidadáns de municipios intermedios, como Palas de Rei, Melide, Santiso, Arzúa ou O Pino, vexan acurtadas as distancias que os separan dos centros de actividade económica, administrativa, social e cultural.

Xustamente este foi un dos temas tratados na reunión mantida recentemente entre o presidente da Xunta de Galicia e o ministro de Fomento, e desde a Comunidade Autónoma trasladouse a necesidade de acurtar prazos para poder contar coa infraestrutura completa en servizo no Xacobeo 2021.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: REXISTRO-HVyUlknWR-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2018 16:30:00
Nº Rexistro: 40910
Data envio: 27/11/2018 14:20:11.986

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Recentemente, os medios de comunicación facíanse eco de que as obras pendentes da A-54 avanzaban a un ritmo máis lento do agardado e que o Ministerio de Fomento non concretaba prazos nin previsións para a posta en servizo dos tres tramos pendentes.

Aínda sendo conscientes da grande complexidade técnica e dos inxentes esforzos económicos que supón unha infraestrutura destas características, que conta cunha lonxitude de 94,2 km, desde este grupo parlamentario consideramos necesario que desde o Ministerio de Fomento se concreten os prazos previstos e se axilice, ao máximo, os traballos para culminar o que é unha infraestrutura prioritaria para a mobilidade e o reforzo da seguridade viaria dos usuarios e dos veciños que cada día fan o percorrido entre Lugo e a capital de Galicia.

É por iso que os deputados e deputadas asinantes presentamos a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Ministerio de Fomento para:

1.- Solicitarlle información respecto aos prazos e previsións que manexa para o remate dos tres treitos que quedan pendentes para completar a autovía A-54, Lugo-Santiago.

2.- Demandarlle axilidade na execución das obras pendentes co obxectivo de que o treito Lavacolla-Arzúa poida estar finalizado no primeiro semestre de 2019; e que os tramos Arzúa-Melide e Melide-Palas de Rei se rematen no ano 2020".

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2018.

CSV: REXISTRO-HVyUIknWR-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2018 16:30:00
Nº Rexistro: 40910
Data envio: 27/11/2018 14:20:11.986

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 27/11/2018 14:10:59**

**Martín Fernández Prado na data 27/11/2018 14:11:24**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 27/11/2018 14:11:39**

**Maria Antón Vilasánchez na data 27/11/2018 14:11:49**

**Jaime Castiñeira Broz na data 27/11/2018 14:11:58**

**Diego Calvo Pouso na data 27/11/2018 14:12:13**

**Jacobo Moreira Ferro na data 27/11/2018 14:12:47**

**Marta Novoa Iglesias na data 27/11/2018 14:12:59**

**María Julia Rodriguez Barreira na data 27/11/2018 14:13:11**

**Gonzalo Trenor López na data 27/11/2018 14:13:37**

**Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 27/11/2018 14:13:48**

CSV: REXISTRO-HVyUIknWR-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

**Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**

**Día: 29.03.2019 Hora: 10:30**

**Orde do día**

3.2 42995(10/PNC-003463)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa modificación da Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia para os efectos de regular a delimitación de vivenda baleira e o establecemento do dereito de tanteo e retracto

*Publicación da iniciativa, 414, 18.01.2019*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2019 12:45:34
Nº Rexistro: 42995
Data envio: 10/01/2019 12:45:34.238

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

**Á MESA DO PARLAMENTO**

**O Grupo Parlamentario de En Marea,** a iniciativa dos seus deputados **Antón Sánchez García, Marcos Cal Ogando e Julia Torregrosa Sañudo,** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na Comisión 2.ª.

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O 18 de decembro de 2018 foi publicada no BOE Real Decreto-ley 21/2018, de 14 de decembro, de medidas urxentes en materia de vivenda e aluguer.

Entre outros aspectos en dito RDL recolle unha demanda dende hai tempo reclamada por En Marea e que é recollida no título IV.

Nel recóllense as medidas en materia económica e fiscal, e inclúe en primeiro lugar a modificación do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, no que ten que ver co Imposto sobre Bens Inmobles.

Modifícase a regulación do recargo previsto para os inmobles de uso residencial desocupados con carácter permanente, mediante a súa remisión á correspondente normativa sectorial de vivenda, autonómica ou estatal, con rango de lei, ao obxecto de que poida ser aplicado polos concellos mediante a aprobación da correspondente ordenanza fiscal.

CSV: REXISTRO-V7HbuIEdA-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2019 12:45:34
Nº Rexistro: 42995
Data envio: 10/01/2019 12:45:34.238

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Di así:

"O apartado 4 do artigo 72 queda redactado nos seguintes termos: «4. Dentro dos límites resultantes do disposto nos apartados anteriores, os concellos poderán establecer, para os bens inmobles urbanos, excluídos os de uso residencial, tipos diferenciados atendendo aos usos establecidos na normativa catastral para a valoración das construcións. Cando os inmobles teñan atribuídos varios usos aplicarase o tipo correspondente ao uso da edificación ou dependencia principal. Devanditos tipos só poderán aplicarse, como máximo, ao 10 por cento dos bens inmobles urbanos do termo municipal que, para cada uso, teña maior valor catastral, a cuxo efecto a ordenanza fiscal do imposto sinalará o correspondente limiar de valor para todos ou cada un dos usos, a partir do cal serán de aplicación os tipos incrementados. Tratándose de inmobles de uso residencial que se atopen desocupados con carácter permanente, os concellos poderán esixir unha recarga de ata o 50 por cento da cota líquida do imposto. Dentro deste límite, os concellos poderán determinar mediante ordenanza fiscal unha única recarga ou varios en función da duración do período de desocupación do inmoble. A recarga, que se esixirá aos suxeitos pasivos deste tributo, devengarase o 31 de decembro e liquidarase anualmente polos concellos, unha vez constatada a desocupación do inmoble en tal data, xuntamente co acto administrativo polo que esta se declare. A estes efectos terá a consideración de inmoble desocupado con carácter permanente aquel que permaneza desocupado de acordo co que se estableza na correspondente normativa sectorial de vivenda, autonómica ou estatal, con rango de lei, e conforme aos requisitos, medios de proba e procedemento que estableza a ordenanza fiscal. En todo caso, a declaración municipal como inmoble desocupado con carácter permanente esixirá a previa audiencia do suxeito pasivo e a acreditación polo Concello dos indicios de desocupación, a regular na devandita ordenanza, dentro dos cales poderán figurar os relativos aos datos do padrón municipal, así como os consumos de servizos de subministración.»

CSV: REXISTRO-V7HbuiEdA-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2019 12:45:34
Nº Rexistro: 42995
Data envio: 10/01/2019 12:45:34.238



Como a propia lei mandata e como é necesario para que os concellos que así o decidan poidan utilizar este instrumento legal para gravar a especulación inmobiliaria axudando a mobilizar a vivenda baleira, compre modificar a Lei 8/2012, de 29 de xuño, de Vivenda de Galicia definindo o concepto de vivenda baleira.

Tamén se introduce a translación lexislativa do dereito ao tanteo e retracto das vivendas con arrendatarios.

«7. Non haberá lugar aos dereitos de tanteo o retracto cando a vivenda arrendada se venda conxuntamente coas restantes viviendas ou locais propiedade do arrendatario que formen parte dun mesmo inmoble nin tampouco cando se vendan de forma conxunta por distintos propietarios a un mesmo comprador a totalidade dos pisos e locais do inmoble. En tales casos, a lexislación sobre vivenda poderá establecer o dereito de tanteo y retracto, respecto á totalidade do inmoble, en favor do órgano que designe a Administración competente en materia de vivenda, resultando de aplicación o disposto nos apartados anteriores aos efectos da notificación do exercicio de tales dereitos.

Se no inmoble só existira unha vivenda, o arrendatario terá os dereitos de tanteo e retracto previstos neste artigo.»

A translación á lexislación galega pode crear un instrumento útil para que dende as administracións se poida actuar na defensa da estabilidade dos arrendatarios.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

CSV: REXISTRO-V7HbuiEdA-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2019 12:45:34
Nº Rexistro: 42995
Data envio: 10/01/2019 12:45:34.238

GRUPO PARLAMENTAR en marea

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a modificar a Lei de 8/2012, de 29 de xuño, de vivenda de Galiza aos efectos de regular a delimitación de vivenda baleira e o establecemento do dereito a tanteo e retracto no seguinte senso:

a) A efectos de aplicación do recargo por parte dos concellos no cobro do Imposto de Bens Inmobles terá a consideración de vivenda desocupada aquela que, en condicións legais e materiais para poder ser ocupada como uso residencial privado e non afecta a actividade económica, permaneza en situación de desocupada de forma continuada durante un tempo superior a un ano ou a 22 meses, alternos ou continuos, nun período de dous anos, salvo que o suxeito pasivo poida motivadamente xustificar a súa non ocupación, por razóns laborais, de conciliación familiar, de saúde, dependencia, emerxencia social, e de acordo cos requisitos, medios de proba e procedemento que estableza a Ordenanza municipal correspondente. En todo caso, a declaración municipal como vivenda desocupada esixirá a previa audiencia do suxeito pasivo e a acreditación por o Concello de os indicios de desocupación, a regular en a Ordenanza, dentro dos cales poderán figurar os relativos aos datos do padrón municipal así como os consumos de servizos (auga, electricidade, etc.). As Ordenanzas poderán regular a aplicación da recarga correspondente a aquelas vivendas que consten como desocupadas no Censo de Vivendas Baleiras que, sempre que, en calquera caso, cúmpranse as esixencias e requisitos contidos neste apartado.»

b)Cando unha vivenda arrendada se venda conxuntamente coas restantes viviendas o locais propiedade do arrendador que formen parte dun mesmo inmoble ou cando se vendan de forma conxunta por distintos propietarios a un mesmo comprador a totalidade dos pisos e locais do inmoble, establecese o dereito de tanteo e retracto, respecto á totalidade do inmoble, en favor do órgano competente en materia de vivenda.

CSV: REXISTRO-V7HbuiEdA-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2019 12:45:34
Nº Rexistro: 42995
Data envio: 10/01/2019 12:45:34.238

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Si no inmoble só existira unha vivenda, o arrendatario terá os dereitos de tanteo e retracto previstos neste artigo.»

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Antón Sánchez García

Marcos Cal Ogando

Julia Torregrosa Sañudo

Voceiro s, deputado e deputada do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Antón Sánchez García na data 10/01/2019 12:44:06**

**Marcos Cal Ogando na data 10/01/2019 12:44:16**

**Julia Torregrosa Sañudo na data 10/01/2019 12:44:24**

CSV: REXISTRO-V7HbuiEdA-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**

**Día: 29.03.2019 Hora: 10:30**

**Orde do día**

3.3 45111(10/PNC-003635)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre o estudo pola Xunta de Galicia, xunto co Ministerio de Fomento, das alternativas para a conexión entre a AP-9, o aeroporto de Alvedro e a estrada AC-14

*Publicación da iniciativa, 430, 13.02.2019*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2019 12:25:41
Nº Rexistro: 45111
Data envio: 01/02/2019 12:25:41.260

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres**, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa á proposta de mellora das comunicacións entre o aeroporto de Alvedro e a autoestrada AP9 e alternativas ao Vial 18.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1.O denominado vial 18 é unha estrada de conexión da AC14 coa autoestrada AP9 defendido por diferentes administracións: Ministerio de Fomento, Xunta de Galiza e goberno municipal de Culleredo. No ano 2012 este vial foi incluído no convenio asinado entre o Ministerio de Fomento e AUDASA, polo que a concesionaria asumía entre outras obras a construción deste vial e a ampliación da avenida de Alfonso Molina. Posteriormente tomouse a decisión de que estas obras se realizarían con cargo ao orzamento do Ministerio de Fomento.

No ano 2015 tramitouse un anteproxecto que foi devolto polo Ministerio de Medio Ambiente ao Ministerio de Fomento por problemas na tramitación da Avaliación do Impacto Ambiental. Tanto o anteproxecto como o trazado previsto contaron tamén con un importante rexeitamento veciñal, polo forte impacto negativo na contorna. Outro dos motivos da retirada daquel anteproxecto era que non existía previsión de reserva de solo para executar este vial.

CSV: REXISTRO-xBvWydjPQ-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2019 12:25:41
Nº Rexistro: 45111
Data envio: 01/02/2019 12:25:41.260

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Ao mesmo tempo que se desenvolvía o Proxecto do Vial 18, a Xunta de Galiza incluiu no ano 2010 no Plan MOVE a Conexión Alvedro-AP9, con unha lonxitude de 0.5 km, un investimento de 2.2 millóns de euros e un horizonte temporal de 2013 (Programa de Vías Estruturantes, Eixos Novos e Variantes, páx 27).

Fronte a esta alternativa prevista pola Xunta de Galiza, o denominado Vial 18 ten unha previsión de investimento de máis de 30 millóns de euros. Ademais do menor custo, a alternativa de conexión entre Alvedro e a autoestrada, através da área de servizo de Almeiras, ten outras vantaxes:

- Permitiría crear un novo acceso desde a autoestrada ao centro do Burgo, e en consecuencia a toda a zona urbana de Culleredo.

- Permitiría construír un acceso directo ao aeroporto.

- Podería empregarse este vial como circunvalación para os vehículos que circulan pola estrada de Almeiras (AC213) e a N550 e dirixirse á cidade e á autoestrada sen pasar polo centro urbano de Culleredo.

- Permitiría conectar a AC14 coa autoestrada simplemente con percorrer unha distancia de 3km máis que a prevista polo hipotético vial 18.

3. O pleno do Concello de Culleredo aprobou no mes de xuño de 2018 unha iniciativa presentada polo BNG na que demandaba á Xunta de Galiza e ao Ministerio de Fomento a realización dun estudo rigoroso sobre as alternativas para a conexión da autoestrada AP9 co aeroporto de Alvedro e a estrada AC14.

Ata o momento non temos coñecemento de que o Concello de Culleredo chegase a ningún acordo coas devanditas administracións para realizar o citado estudo de alternativas.



CSV: REXISTRO-xBvWy6jPQ-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2019 12:25:41
Nº Rexistro: 45111
Data envio: 01/02/2019 12:25:41.260

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4. Así parece deducirse da decisión do Ministerio de Fomento pola que se publica no BOE do 09/1/2019 o expediente de información oficial e pública do anteproxecto de vial de conexión da AC-14 (enlace da Zapateira) e a autoestrada AP 9, e o seu correspondente estudo de impacto ambiental.

Do antedito dedúcese a intención do goberno central de levar a cabo este Proxecto, coa connivencia do goberno galego e do goberno municipal de Culleredo.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en comisión:

"O Parlamento insta á Xunta de Galiza a estudar, conxuntamente co Ministerio de Fomento, as alternativas para a conexión entre a AP 9, o aeroporto de Alvedro e a estrada AC 14, tendo en conta as previsións do Plan MOVE e atendendo a criterios de menor custo e menor impacto na contorna (menor impacto ambiental, redución da afección a zonas habitadas e mellora da mobilidade nas zonas urbanas)."

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**
**Montserrat Prado Cores**
**Noa Presas Bergantiños**
**Olalla Rodil Fernández**
**Xosé Luis Rivas Cruz**

CSV: REXISTRO-xBvWy6jPQ-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2019 12:25:41
Nº Rexistro: 45111
Data envio: 01/02/2019 12:25:41.260

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 01/02/2019 12:24:42**

**María Montserrat Prado Cores na data 01/02/2019 12:24:49**

**Ana Pontón Mondelo na data 01/02/2019 12:24:51**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 01/02/2019 12:24:52**

**Olalla Rodil Fernández na data 01/02/2019 12:24:54**

**Noa Presas Bergantiños na data 01/02/2019 12:24:57**

CSV: REXISTRO-xBvWy6jPQ-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**

**Día: 29.03.2019 Hora: 10:30**

**Orde do día**

3.4 47081(10/PNC-003795)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e 2 máis

Sobre a adopción polo Goberno galego das medidas técnicas, económicas e de planificación viaria necesarias para garantir a conexión prioritaria da Vía Ártabra coa autovía A-6 co fin de darlle efectivo servizo á área metropolitana da Coruña

*Publicación da iniciativa, 441, 06.03.2019*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/02/2019 12:52:25
Nº Rexistro: 47081
Data envio: 28/02/2019 12:52:25.848

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados, e da súa deputada, Juan Manuel Díaz Villoslada, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª.

O Consello da Xunta do pasado 21 de febreiro de 2019 autorizou a licitación das obras para iniciar a 1ª fase de prolongación da Vía Ártabra ata a autoestrada AP-9, entre o enlace da N-VI e a estrada autonómica AC-221, San Pedro de Nós-Mabegondo, cun orzamento superior a 29,6 millóns de euros.

A referencia do Consello sinala que a licitación inclúe unha modificación do contrato para executar a segunda fase da obra de entronque coa AP-9 en canto o Ministerio de Fomento autorice esta conexión, cun investimento total de 35 millóns de euros.

Remata o nota do Consello indicando que a Vía Ártabra é unha vía estratéxica para a Xunta de Galicia definida no Plan sectorial da rede viaria da Coruña, Arteixo, Culleredo, Cambre e Oleiros, cuxos obxectivos son lograr mellorar as comunicacións na área da Coruña e articular unha vía transversal para facilitar os tráficos de entrada á cidade a través da N-VI, AP-9 e A-6.

Débese de lembrar que o dito Plan sectorial, aprobado en 2004, naceu coa premisa de ser algo máis que un plan de infraestruturas de rede viaria, por iso define determinacións de política de intervención territorial que comprometen os documentos que desenvolvan o plan; entre estas determinacións destacan a potenciación da actividade comercial, o maior equilibrio territorial e a cohesión social e a liberalización das peaxes.

Unha visión ampla das infraestruturas viarias de toda a contorna metropolitana da Coruña non pode circunscribirse á conexión da Vía Ártabra coa AP-9, incrementando a densidade de tráfico de saída e entrada á cidade pola avenida de Alfonso Molina, no canto de buscar alternativas a esta vía urbana saturada; ao tempo que unha verdadeira conexión dos concellos afectados, do conxunto de polígonos industriais do cinto metropolitano da Coruña e das instalacións portuarias esixe priorizar a conexión da Vía Ártabra coa A-6. Esta conexión debe de ser a verdadeira circunvalación de toda a comarca, xunto coa propia A-6 e a Terceira Rolda, sen custos de peaxes. Levar o remate da Vía Ártabra á A-6 era e segue a ser unha necesidade, coa AP-9 é unicamente unha opción parcial e

CSV: DLJm7cexK9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/02/2019 12:52:25
Nº Rexistro: 47081
Data envio: 28/02/2019 12:52:25.848

cautiva para todo o entorno metropolitano; iso si, incluso nos tres escenarios analizados polo Ministerio de Fomento a sociedade concesionaria *Autopistas del Atlántico* sería favorecida.

Non obstante, o Plan MOVE 2009-2015 aínda en execución eliminou da súa programación económica para a Vía Ártabra o treito AP-9 – A-6 de 5,4 km., cando ademais existía un estudo de trazado ata a A-6 que se podería ter desenvolto como proxecto construtivo.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a adoptar todas as medidas técnicas, económicas e de planificación viaria que aseguren a conexión prioritaria da Vía Ártabra coa A-6, para dar efectivo servizo a toda a área metropolitana da Coruña.

Pazo do Parlamento, 27 de febreiro de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 28/02/2019 12:40:04**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 28/02/2019 12:40:15**

**María Luisa Pierres López na data 28/02/2019 12:40:21**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 28/02/2019 12:40:33**

CSV: DLImZcexK9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es